

UNHA EXPERIENCIA MOI GRATIFICANTE

Saudade de catro anos no Instituto de Bacharelato de Ortigueira
(1978-1982)

*Á memoria dos tíos María e José,
auténticos Anxos da Garda.*

Bernardo Penabade

Fago un retroceso temporal de vintecinco anos e realmente case non me supón esforzo. Vexo que é ben certo: as historias que se viven moi intensamente permanecen gravadas na memoria *de por vida*. Agora explico os motivos desta afirmación tan categórica.

Pouco despois de finalizar o curso 77-78, o da obtención do "graduado escolar" (que a min xa me tocou na "concentración" do Barqueiro), na casa comentouse a idea de que o neno fose facer o bacharelato. Non era fácil: Ferrol está a 60 kilómetros das Grañas; con Viveiro, a só vinte, carecíase de comunicación e Ortigueira non estaba dotada dun centro para cursar ese nivel educativo.

Un bon día chegaron pola casa uns señores. Preguntaban polo pai. Lembro que comentaron: "Vimos de parte de D. Fulano de Tal. Queren abrir un instituto en Ortigueira e necesítanse nenos para facer matrícula. O importante é que se apunten, aínda que despois abandonen". O pai asentiu e prometeu ir a unha reunión á que levaría os datos "do rapaz". Era unha porta aberta á esperanza.

Con catorce anos, ás Pontes tiña ido moitas veces, sempre nos días de feira. A Ortigueira moi poucas. Dunha das primeiras lémbrome ben. Fun acompañando a tía María, que acababa de comprar casa no Ponto. De volta ás Grañas subimos no coche-de-liña que ía a Guitiriz e que nos deixaba na Serra Faladora entre as cinco e as seis da madrugada. Desde aquela altura víanse ao lonxe as luces "da vila", nunha panorámica verdadeiramente máxica. Resultaba moi atraente.

Mais en Outubro de 1978 o rapaz vía a vila con outros ollos: os do medo ao fracaso. Non era para menos: novo nivel educativo, compañeiros e profesores descoñecidos e ambiente totalmente diferente. As instalacións tampouco axudaban. Aquele escola de FP, na que nos acolleron, estaba un pouco abandonada. O proceso de adaptación foi durísimo. Eu síntome totalmente identificado coas vivencias que sobre a escola nos transmiten os relatos de **Fole** ou de **Neira Vilas** (moitos deles ambientados nos anos 40 e 50). Institución académica e realidade ambiental non tiñan a menor correspondencia entre si; nada do noso aparecía nos libros. Isto non era novidoso, claro. O novidoso é que neste nivel a distancia profesor-alumno era enormemente maior que na escola básica ("Insalvável", chegou a pensar moitas veces aquel cativo esmiuxado), mais xusto é recoñecer que a situación foise transformando nunha dirección moi positiva.

O curso 79-80 foi o da estrea das instalacións que hoxe coñecemos. Edificio espacioso, con olor a novo, cos locais perfectamente identificados (secretaría, conserxería, biblioteca, salón de actos...) e con grande superficie de esparcemento. Alí tiñamos claro a función que desempeñaba cada quen e o lugar onde se situaba. Alí emerxeu a amabilidade da secretaria administrativa, **Esther Garcinuño Martín**, sempre preocupada por facilitarnos a tramitación burocrática. Na conserxería había outro punto de entendemento. A **Modesto Cheda** tiña o ouvido moito antes na desconexión galega de **Radio Nacional de España** -el puña a voz a todas as noticias da comarca-, mais desde aquel momento pasou a ser persoa do

ámbito máis próximo. Protagonizamos moitas conversas, mentres a vella máquina facía fotocopias nun papel con características especiais.

Fago memoria e observo o seguinte: transcorridos máis de vinte anos, considérome infinitamente afortunado pola atención que recibín de moitos dos meus mestres. Como podería esquecer o maxisterio do biólogo **Manuel Vilariño**, hoxe prestixioso fotógrafo con exposicións nas mellores galerías do mundo. Coas explicacións daquel home, os problemas de Física *saían* con facilidade; e, se algún se resistise, había unha forza interior que nos obrigaba a facelos unha vez e outra para procurarlles solución. Mais aquel docente tamén procurou tempo para nos transmitir algo fundamental: a consciencia de cidadanía. Durante dous recreos á semana, voluntariamente, falounos da existencia dunha cultura galega de raíz inmemorial. Por el coñecemos os nomes de **Rosalía de Castro** e de **Castelao**; por el recibimos información sobre a cultura castrexa; el foi quen nos falou dos perigos que supuña as adiccións (que xa estaban causando estragos). E todo isto nun idioma que renacía na súa boca, nunha vella lingua poscrita até ese mesmo momento. Impagábel o seu labor.

Do mesmo xeito, foi un verdadeiro privilexio ter de profesoras a **Maite Hernández** e a **María Luísa Desentre Miguel** (a nosa admirada **Marisa**, que escribía con caligrafía absolutamente perfecta e que explicaba tamén divinamente). En outubro de 1981 chegou **David Saá**, a quen lembro como un sabio (non atopo outra palabra). Un sabio humilde e xeneroso. Baixo a súa dirección fixemos teatro. Memorizamos os diálogos, ensaiamos... e chegamos a representar dúas veces *Historia de una escalera*. Foi unha experiencia moi gratificante, que posteriormente me axudou a abrir boas portas.

Agora que pasou tanto tempo, penso que o noso director -**Henrique Tello León**- estivo rodeado dun equipo extraordinario. Serían unha minoría, mais tiveron a audacia suficiente para facer do instituto un espazo de liberdade. Naquel centro as fontes de formación ían moito máis alá das sesións académicas regulamentadas. Coa súa posta en funcionamento, apareceu na comarca un novo axente de dinamización cultural. Cito unicamente algúns exemplos. Nos terreos do instituto celebrouse un concerto co grupo **Doa**, que naquela altura xa gozaba de popularidade. Nun salón de actos abarrotado asistimos a un coloquio-recital con **Manuel María**, o primeiro escritor que eu vin en directo na miña vida. No *Club* participamos nun recital de **Xúlio López Valcárcel**, o autor do primeiro libro de poesía co que se iniciou a miña biblioteca particular. Nesas circunstancias apareceu a revista escolar na que publicamos as nosas primeiras colaboracións. Canto esforzo non farían aqueles docentes por conseguir o diñeiro necesario para repartir en premios no Certame Literario! Foron xente que se moveu para organizar campeonatos deportivos, nos que eles tamén participaron directamente (xa era daquela o grande **Andrés Santalla** porteiro do Cebarca) co director en temíbel primeira liña de ataque. Tal vez fose en 1980 cando se celebrou a primeira edición da carreira pedestre.

Non esquezo o funcionamento da biblioteca do centro. Espero que algún día o profesor **Tello** nos explique como foron capaces de reunir tantos volumes partindo de cero. Moitos deles figuraban nos programas didácticos como lecturas obrigatorias e outros permitíannos facer consultas complementares, aos que carecíamos de enciclopedias ou de monografías específicas. E mesmo eu, que non podo presumir de ter sido alumno avantaxado, iniciéi naquela sala luminosa un tímido proceso de formación autodidacta. Así foi como coñecín –por esta orde- a narrativa de **Alfredo Conde**, de **Lois Diéguez** e de **Neira Vilas**; e o particular estilo divulgativo do hoxe académico **Vítor Freixanes**. Os amigos **Xosé Francisco Carro** (“Paco”, de Cuiña) e **Gumersindo Martínez** (“Sindo”, da Penela) coñecen os fondos iniciais moito mellor e poden tratar este tema con verdadeira autoridade.

Eran anos de convulsións en todo o mundo, comezando polo Estado Español, que andaba en pleno cambio político. Cando víamos a **Modesto Cheda** co transistor pegado á orella, intuíamos que estaba ocorrendo algo grave. Así foi como soubemos do **golpe de**

Estado (o 23 de febreiro de 1981) e da tentativa de asasinato de **Xoán Paulo II** (o 13 de maio do mesmo ano). A nivel local, tamén nós vivimos tensións pola democratización dos centros e pola participación activa do alumnado na vida educativa. Desda época é a primeira manifestación estudiantil que se recorda na vila. Por esas mesmas datas, o apoio de profesorado e estudantado do instituto foi decisivo para a fundación da **Asociación Cultural Ramón Cabanillas**. Deste xeito, nos primeiros 80 chegou a Ortigueira o espertar cultural democrático que se iniciara vinte anos antes no resto do país.

Non me deteño no breve período en que tiven a responsabilidade de exercer a docencia no instituto e na alegría que supuxo compartir claustro con **Carmen Prieto**, con **Higinio Rodríguez** e con **Juan Fernández**, os únicos sobreviventes da etapa iniciática. Son outras vivencias, diferentes -mais igual de intensas-, que espero poder rememorar nunha próxima ocasión. Agora só pretendía ofrecer a miña interpretación sobre as condicións en que cursamos o Bacharelato varias dúcias de fillas e fillos da comarca, que tivemos ao noso alcance o que antes de 1978 era un privilexio para uns poucos.

Enfín... Conféssoo: teño saudade desa experiencia. Oxalá sexan moitos os alumnos e alumnas que no futuro sintan esa mesma sensación. Que veñan outros 25 máis!!

Bernardo Penabade Rei (Grañas do Sor, 1964) foi alumno do Instituto de Bacharelato de Ortigueira entre os cursos 78-79 e 81-82. Licenciado en Filoloxía pola Universidade de Santiago, desde 1988 é docente de Ensino Secundario, tendo exercido neste centro durante o ano académico 90-91. Desde 2001 é presidente da AGAL –a entidade que edita a revista *Agália* e que mantén na rede o *Portal Galego da Língua*-, ocupación que combina coa docencia no *IES Perdouro* de Burela.